

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN
do 24 de novembro de 2016

ACTA núm. 12/2016

Na Casa do Concello de Muros, ás vinte horas e trinta minutos do día vinte e catro de novembro do ano dous mil dezaseis, reúnese o Pleno da corporación en primeira convocatoria da sesión ordinaria.

PERSOAS ASISTENTES

Alcaldesa: D^a María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández

D. José Antonio Uhía Martínez

D^a María Inés Monteagudo Romero

D. José Vázquez Rama

D^a Alianza Uhía Patiño

D. José Ángel Hermida Simil

D^a Caridad González Cerviño

D^a Sandra Maneiro Pais

D^a María del Rosario Fernández Piñeiro

D. Manuel María García Fernández

D^a Paula Simal Mayo

Secretario: D. Luis Alberto Gil García, que dá fe do acto.

Non asiste o concelleiro do PSdeG-PSOE, D. Enrique Riomayor Caamaño.

ORDE DO DÍA

A Parte dispositiva

1 APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (27.10.2016)

2 SOLICITAR Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN AUTORIZACIÓN PARA A DESAFECTACIÓN DA CASA DO CONSERXE DO CEIP "RICARDO TOBIO"

3 MOCIÓN DO BNG SOBRE A SOLICITUDE DE TUNGSTEN SAN FINX, S.L. PARA O VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS INDUSTRIAIS AO RÍO PESQUEIRA OU REGO DE RABACEIROS (CUNCA DA RÍA DE MUROS E NOIA)

4 RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

B Parte de control dos órganos de goberno

5 MOCIÓNS DE URXENCIA

6 ROGOS E PREGUNTAS

A Parte dispositiva

A Sra. alcaldesa dá por iniciada a sesión plenaria.

A Sra. González pide desculpas pola ausencia do concelleiro Enrique Riomayor Caamaño.

1 APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (27.10.2016)

A Sra. Montegudo fai as seguintes puntualizacións na acta do Pleno anterior:

-no punto 5 no parágrafo “ Que o que non dixo a Sra. alcaldesa.....” onde di “Un coeficiente dun 0,8 que é o máximo permitido pola lei” que debería dicir “Un coeficiente dun 0,8 cando o máximo permitido pola lei é un 2” e no punto 6,

-no parágrafo “Que ela tamén ten o informe...” onde di: “Que é o mesmo que di o informe de intervención, que non di que se poidan baixar..” debería dicir “ “que non di que non se poidan baixar..”

A Sra. González fai as seguintes puntualizacións:

-no punto 3, parágrafo “Di que ela non é a demandante...” que debería dicir “Di que ela é a representante do demandante...”,

-no mesmo punto, no parágrafo “Explica como funciona e...” onde di “...que levan costas necesariamente” que dixo “ que levan costas máis intereses”,

-no parágrafo que empeza “Que dixo que estivo nun proceso...” onde di “ E que non presenta minuta que presentou ela como procuradora porque non hai”, que dixo “E que non presenta minuta no procedemento que terminou”,

-no parágrafo que empeza “Que é verdade que se presentou ese día...” onde di “...que é imposible presentar...” debería dicir “...que é imposible tramitar”,

-no parágrafo “Que con respecto á súa profesión....” onde di “que xa o pedira a primeira vez que tomara posesión como alcaldesa” que dixo: “Que xa o pedira a primeira vez que tomara posesión como alcaldesa no pleno da aprobación dos soldos dos concelleiros”,

-no parágrafo “ Que non se lle ocorre outra cousa...” onde di “...cando tiña unha profesional que lle ía facer as cousas gratis...” que debería poñer “...íá facer ao concello as cousas gratis”

- No parágrafo: “ O Sr. García, do grupo do BNG, empeza a súa.....” , que non consta que a voceira socialista lle dixo ao Sr. García que non lle pareceu prudente que o estivera dicindo unha persoa que estaba condenada a un ano e tres meses de cárcere, nin consta o que este lle respondeu de que non lle parecía moi legal ou moi ético (que non sabe moi ben que dixo) a selección do GES e que ela volveu a repetirlle o mesmo, que parecía mentira que o dixera un condenado a un ano e tres meses de cárcere por agresións.

O Sr. García pide que se revise o vídeo pois o que recolle a acta é xusto o que dixo a Sra. González: “... ten que recordarlle que está ocupando un posto de concelleiro cando ten unha condena firme e que ela de momento non ten ningunha imputación nin condena firme”.

A Sra. González insiste en que a acta non recolle ese texto e o Sr. García di que si, que o ten diante.

Insiste a Sra. González que dixo por canto era a condena e o Sr. García di que non porque nin sequera o sabía nese momento.

Pregunta a voceira socialista onde o pon e o Sr. García indícalle que antes do punto 5.

A Sra. Montegudo di que non encontra ese parágrafo e a Sra. González dubida de que a acta que lle pasaron ao BNG sexa a mesma que lle pasaron a eles. Afirmo que lla pasaron antes ao Sr. García para que dera a súa conformidade.

A Sra. alcaldesa explica que a documentación mándase ao mesmo tempo a todos os concelleiros.

Cando se dan conta de que ese parágrafo está dentro do punto 4, a Sra. González di que lle parece que foi na primeira intervención, pero que si está, xa está.

Votación:

Unanimidade.

Acordo:

Queda aprobada por unanimidade a acta correspondente ao pleno do 27 de outubro de 2016.

2 SOLICITAR Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN AUTORIZACIÓN PARA A DESAFECTACIÓN DA CASA DO CONSERXE DO CEIP “RICARDO TOBIO”

A Sra. alcaldesa explica que é unha proposta da Alcaldía como resultado dunha solicitude da ANPA de Esteiro e do informe de Secretaría.

Que no colexio de Esteiro hai un casa do conserxe que leva moitos anos sen ser utilizada como vivenda, que cre que en realidade non se utilizou nunca (di a Sra. Monteagudo que si se utilizou pero hai moitos anos).

Que a ANPA de Esteiro solicita o uso desta casa para facer actividades.

Que o no informe de secretaria pon que antes da desafectación é necesaria a autorización da consellería e que a proposta é solicitarlle á Consellería a autorización para desafectar a casa do conserxe para destinala a outros usos.

A Sra. Monteagudo di que xa se interesaran polo tema no mes de outubro pois tiñan coñecemento pola ANPA de que presentaran esa solicitude. Que pensan que ese tipo de temas, ademais de entender que a tramitación administrativa debería ser máis áxil, deberían ser tratados no Consello Escolar Municipal (que non teñen coñecemento de se se realizou algún este ano), entre outras cousas porque se existe esa posibilidade, ao mellor outras ANPAS terían interese en facer o mesmo.

Pon como exemplo que no colexio Ramón de Artaza tamén hai unha casa que non se utiliza.

Di que non ten nada máis que comentar e pide que se axilice o trámite.

A Sra. González di que non teñen ningún inconveniente en que se lle dea utilidade a esa casa.

O Sra. García di que eles tamén tiveron coñecemento o mes pasado a través da ANPA e que están favor.

Votación:

Unanimidade

Acordo:

Solicitarlle á Delegación Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a autorización para desafectar a edificación coñecida como *casa do conserxe* do CEIP Ricardo Tobío, de Esteiro, para ser utilizada como un espazo educativo.

3 MOCIÓN DO BNG SOBRE A SOLICITUDE DE TUNGSTEN SAN FINX, S.L. PARA O VERTIDO DE AUGAS RESIDUAIS INDUSTRIAIS AO RÍO PESQUEIRA OU REGO DE RABACEIROS (CUNCA DA RÍA DE MUROS E NOIA)

O voceiro do BNG le a moción:

“O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación no Pleno, a seguinte

MOCIÓN

Exposición de motivos:

No Boletín Oficial da Provincia de A Coruña número 200, do 21 de outubro deste ano, aparece publicado un anuncio do organismo Augas de Galicia, Servizo Territorial da Zona Galiza Centro, dependente da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, polo que se somete a información pública a solicitude da Empresa TUNGSTEN SAN FINX, S.L. de autorización para a vertedura ao río Pesqueira ou rego de Rabaceiros (cunca da ría de Muros e Noia) dun caudal máximo anual de 1.159.552 m³/ano de augas residuais industriais depuradas procedentes dunha explotación mineira de estaño e wolframio localizada no lugar das Minas de San Fins – Vilacova, Concello de Lousame (clave: DH.V15.54967).

Según afirma a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) “**maila que a empresa insiste en que as augas residuais que pretende verter cumprarán cos límites**

legais de contaminantes, as analíticas que manexa Augas de Galiza (e que figuran na documentación do proxecto) din o contrario: mesmo un 1,5 Km augas abaixo da mina os niveis de cadmio, cobre e cinc disolvidos sobrepasan os límites máximos fixados nas Normas de calidade ambiental (NCA) do RD 817/2015". Todo isto según a asociación ecoloxista, **"antes de que a mina funcione a pleno rendemento"**.

O día 19 de maio deste ano, militantes do BNG acompañamos a membros de ADEGA até as Minas de San Finx coa intención de participar na toma de mostras das augas alí existentes, facéndoo en tres puntos distintos: na boca da mina, na balsa de lamas e augas abaixo do muro da citada balsa, sendo analizados logo polo Laboratorio de Enxeñaría Química da Universidade da Coruña.

Para ADEGA, **"os resultados son consistentes cos obtidos polas analíticas en poder de Augas de Galiza e amosan niveis de cadmio (substancia perigoso e prioritaria), cobre (substancia preferente) e cinc (substancia preferente), que mesmo chegan a multiplicar por 8 (caso do cinc) os máximos establecidos nas normas de calidade ambiental (RD/817/2015)".**

O esteiro da Ría de Muros e Noia alberga os máis grandes bancos naturais de cría e produción de moluscos do noso país, nomeadamente berberecho e ameixa e da súa extracción e comercialización viven cada temporada un gran número de veciños e veciñas da nosa comarca (nos últimos anos preto de 1.600 mariscadores e mariscadoras traballan nas concesións xestionadas pola Confraría de Pescadores de Noia), manifestándose, ao noso ver, incompatible cunha actividade industrial que non se esforza por dotar ás súas instalacións de verdadeiros sistemas de depuración dos seus vertidos, consistindo estes unicamente nun simple proceso de decantación.

Polo exposto, este Grupo Municipal propón ao Pleno do Concello de Muros a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Muros oponse á autorización da vertedura de 1.159.552 m³/ano de augas residuais industriais ao río Pesqueira ou rego de Rabaceiros (cunca da Ría de Muros e Noia), solicitada pola empresa TUNGSTEN SAN FINX, S.L. ao organismo Augas de Galiza, persoándose no expediente de referencia (clave: DH.V15.54967) e formulando cantas alegación sexan necesarias a fin de evitar a autorización en cuestión.

Di que achegan documentación das análises feitas.

Explica que esta mina é coñecida porque ten moita historia detrás, que xa se sacara wolframio para venderlle aos nazis na Segunda Guerra Mundial, e fai uns anos volveron á actividade e que xa daquela o BNG puxera a alarma sobre a extracción porque alí existe unha balsa de lodos, de lamas, de residuos, que a día de hoxe non se sabe quen é o propietario.

Que a Xunta di que a balsa é cuestión da empresa que xestiona a mina e a empresa di que esa balsa xa estaba cando chegaron e que é cuestión de Augas de Galiza.

Que nesa balsa, onde se tomaron as medicións, as augas son moi tóxicas e presenta desperfectos no muro de contención e dá a sensación de que pode romper e acabar todo na ría.

Que o feito de que volvan a traballar alí ao máximo rendemento vai provocar que o río Vilacova, que é polo que pasan os regatos Pesqueira e Rabaceiros, acabe mandando á ría todo o que lle vai da mina.

Que a mina non conta cun sistema de depuración de augas eficiente, xa que o sistema de decantación non é suficiente para que as augas queden limpas.

Que é por iso que lle piden ao Concello que se persone e alegue en contra de que lle concedan esta autorización a TUNGSTEN SAN FINX, S.L.

A Sra. Monteagudo inicia a súa intervención dicindo que como di o BNG, aínda que non o di no título da moción, que se trata dunha solicitude para o vertido de augas residuais industriais depuradas.

Que unha vez máis o BNG presenta unha moción por un asunto no que o Concello non ten competencias e que supón que o voceiro do BNG, que tantas veces fixo gala de fiarse dos informes dos técnicos, no dubidará dos informes dos técnicos de Augas de Galicia.

Que xa todos saben que non hai ningunha actividade que sexa inocua para o medio natural e que no caso da actividade mineira que probablemente sexa unha das máis contaminantes, entenden que será preciso que se exerciten mediante autorización e control do organismo autonómico competente.

Que pensan que non ten moito sentido este tipo de cousas, que non van rexeitar a moción pero tampouco apoiala.

A Sra. González explica que falaron cos compañeiros de Lousame, que pensa que son os máis interesados, e que parece ser que alguén está intentando poñerse medallas e que non é exactamente así o que está pasando en Lousame.

Que ao parecer estanse pedindo autorizacións sectoriais, ademais de para os vertidos, para poñer a traballar unha industria. Que casualmente hoxe na televisión escoitou á conselleira dicindo que se van tomar todas as medidas, que non se vai consentir ningún tipo de vertido que contamine e que ademais da autorización a Augas de Galicia que hai outras solicitadas e que van mirar todo con lupa, co cal o bombo que se lle está dando desde o BNG e Mareas que é simplemente populismo *puro y duro*.

Que vista a información que teñen dos compañeiros de Lousame e a información que sacaron da prensa, non van apoiar a moción pois pensan que non vai depender a contaminación da ría de que se apoie ou non á moción do BNG xa que hoxe en día, grazas a Deus, hai que pasar un montón de filtros para conseguir unha autorización dese calibre.

Que lle van dar un voto de confianza e que os veciños e veciñas de Lousame están polo labor de que se poña a funcionar, loxicamente con todas as garantías e que o seu grupo non van ser quen de privarlles de ter ese beneficio no seu Concello.

O Sr. García di que tachar de populismo que estean en xogo mil seiscientos postos de traballo, dos que comen moitas familias desta ría, que cada un valore o que pense.

Que eles entenden que os informes que presenta a empresa non son garantía suficiente de que non se acabe contaminando porque van seguir utilizando a balsa sen saber quen se vai facer cargo dela, cun muro de contención que pode romper en calquera momento.

Que estea funcionando a mina e aumentar a produción, como pretenden, ata este nivel de caudal de augas que van verter, que vai redundar en moita toxicidade para a nosa ría. Que de feito (que hai que velo ben) unha das últimas toxinas que tivo o berberecho, que está tendo unha campaña malísima, que daba toxina por chungo e que non se sabe moi ben de onde vén. Que non poden deixar que sigan chegando cinc, cadmio e outros materiais tóxicos á nosa ría.

Que entenden que para non poñer en risco a biodiversidade da ría e o traballo dunha parte importante de familias da comarca o Concello de Muros ten moito que dicir xa que hai moita xente que se dedica á extracción de berberecho e ameixa e que lle parece importante constituírse en parte e procurar poñer todas as medidas posibles para garantir que non se vertan máis substancias tóxicas á ría.

A voceira popular di que insisten no mesmo, que é unha competencia de Augas de Galicia que lle requirirá á empresa as medidas que consideren que teñen que aplicarse. Que confían nos funcionarios e en que as autorizacións que se dan son con todos os sentidos e precaucións.

Que é verdade que a actividade mineira xa se está desenvolvendo, que xa se fixo na antigüidade, que é unha oportunidade de postos de traballo importante para o Concello de Lousame. Que entenden que se darán as autorización con todas as cautelas e precaucións que correspondan e que consideran que non é procedente esta moción.

A Sra. González di que non van facer máis intervención e pide permiso para saír.

Cando son as 9.00 h a concelleira do PSdeG-PSOE, Caridad González Cerviño, abandona o salón de plenos.

Despois de que o voceiro do BNG di que non vai engadir nada máis, a Sra. alcaldesa explica a posición do seu grupo e di que entenden que no Concello de Muros hai unha parte grande interesada nese procedemento e que levan moito tempo vendo os problemas que hai no marisqueo de toda a ría, concretamente no de Noia, que é un dos maiores de toda a ría e que polo tanto que lles parece importante tomar todas as cautelas.

Explica que lle parece importante que o Concello se constituía en parte para ter acceso a toda a documentación con facilidade ao igual que se constituíron en parte no outro que pedira o BNG e que foron aceptados polo que teñen á súa disposición o expediente para poder velo.

Que efectivamente pode haber postos de traballo en Lousame en xogo pero que tamén os hai no marisqueo. Que non se poden crear uns a costa doutros.

Que se se pode reactivar a mina con garantías de que non se vai incrementar a contaminación na ría, que sería perfecto, pero que haxa todas as cautelas posibles e que cre que o feito de que o Concello de Muros se constituía en parte pode ser interesante para formar parte desa vixilancia para que as autorizacións se dean con todas as garantías e seguir utilizando unha balsa que na actualidade xa está en mal estado non parece que as dea.

Anuncia o seu apoio a moción.

Votación:

A favor: 5 votos (3 de CxG e 2 do BNG)

Abstencións: 6 (4 do PP e 2 do PSdeG-PSOE)

Acordo:

O Concello de Muros, oponse á autorización do vertido de 1.159.552 m³/ano de augas residuais industriais ao río Pesqueira ou rego de Rabaceiros (cunca da Ría de Muros e Noia), solicitada pola empresa TUNGSTEN SAN FINX, S.L. ao organismo Augas de Galicia; constituíndose en parte no expediente de referencia (clave: DH.V15.54967) e formulando cantas alegación sexan necesarias a fin de evitar a autorización en cuestión.

4 RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dáse conta ao Pleno dos decretos núm. 729 ao 813 e das actas das Xuntas de Goberno Local, 32, 33 e 34 do 07/10/2016, 14/10/2016 e 26/10/2016.

B Parte de control dos órganos de goberno

5 MOCIÓNS DE URXENCIA

Non hai.

6 ROGOS E PREGUNTAS

Rogos e preguntas da voceira do Grupo Popular:

- Na Xunta de Goberno Local do 14/10/2016 dáse conta da contratación menor do mantemento do cemiterio municipal da Atalaia e que hai xusto un ano, no pleno de outubro do 2015, a corporación a proposta do Grupo Popular aprobou un acordo no que se pedía que se redactara o proxecto de acondicionamento do cemiterio municipal de Muros que incluía, entre outras actuacións, o axardinamento do recinto, a mellora dos accesos, o tratamento das paredes, a habilitación dun espazo para utensilios e cincheiro e que se dotara dun servizo de mantemento.

Que se alegran moito de que se contratara o servizo de mantemento pero que lles gustaría saber por que se tardou un ano e cando se pensan acometer o resto das actuacións.

Que tamén lles sorprende que un membro do partido do goberno municipal que non é concelleiro/ tivera información sobre a adxudicación deste contrato antes de que fora pública e que lles gustaría recibir algunha explicación ao respecto.

- Que lles gustaría saber cando van levar a cabo a contratación dos servizos de prevención de riscos, subministración de enerxía eléctrica, entre outras cousas, segundo a recomendación do departamento de Intervención.

- Cal foi o reparo de Intervención ao pago das produtividades de outubro e a xustificación que dá a Alcaldía para levantalo.

-Sobre a achega de documentación sobre os gastos do GES, que supón algo máis de trescentos mil €, queren saber se fixeron algunha xestión na Deputación ou na Xunta para cumprir o acordo adoptado a proposta do Grupo Popular no Pleno do mes de abril no que propoñían que solicitaran axuda para asumir ese custo por tratarse dun servizo supramunicipal.

Fai un inciso para felicitar os membros do GES pola súa intervención no sinistro do pasado venres no que perdeu a vida un veciño ao caer ao mar co seu vehículo e tamén queren mostrar o seu agradecemento ao equipo de salvamento que colaborou no rescate. E por suposto tamén ao equipo médico que tratou, durante máis dunha hora, de reanimalo.

Que pensan que é bo recoñecer e agradecer as actuacións profesionais que van máis alá do obrigado.

-En relación á iluminación da zona histórica, en concreto na beirarrúa da avenida Castelao, que hai moitas queixas pola mala visibilidade nos pasos de peóns e que xa houbo varios atropelos.

Que entre os colectores que están diante dos pasos de peóns e os farois somerxidos na foresta a visibilidade queda moi reducida e piden que poden as árbores que están apoderándose dos farois, que se cambien as lámpadas por outras máis luminosas e que, de ser preciso, se poñan sinais luminosos nos pasos de peóns.

Tamén que se modifique a situación dos puntos de recollida de lixo para que non queden situados diante dos pasos de peóns no sentido da circulación.

Que un colector, como xa teñen comentado noutras ocasións, ten máis altura que un neno.

Mostrando unhas fotografías dos colectores explica que están situados xusto diante do paso de peóns no sentido da circulación e non se ve ao cruzar.

Que é unha cousa bastante fácil de facer e xa o pedirán noutras ocasións.

Segue mostrando as fotografías para indicar como os farois están totalmente somerxidos nas árbores.

-Que no Pleno de setembro deron conta da información rendida ao Ministerio de Facenda correspondente ao segundo trimestre do 2016 e no Pleno de outubro presentaron o informe de morosidade do terceiro trimestre.

Que recentemente puideron ver nas redes sociais que a Sra. alcaldesa publicaba información correspondente ao terceiro trimestre do 2016 e que non saben se dita información foi rendida ao Ministerio pero de dende logo non comunicaron á corporación polo que descoñecen se o que di é certo ou non.

Que o que si saben é cal foi o resultado económico do exercicio 2015 porque por fin e con seis meses de atraso levaron á Comisión de Contas a Conta Xeral do 2015, pero que diso non se conta nada nas redes porque o resultado económico foi de 923.042,12 € negativos.

Que non precisamente se gastaron os cartos en gasto social xa que, logo de ver a documentación, quedaron sen executar partidas como 15.000 € destinados ao cemiterio municipal (cando dixeran que non había fondos para acometer a reforma), 10.000 € para a inserción e atención á muller, 9.500 € en formación para colectivos vulnerables, 14.000 € en atención social e asistencial, 15.000 € en actividades de formación para o fomento do emprego, 10.000 € en bolsas de estudo, 26.000 € para rehabilitación de vivendas no casco e así moitas máis. Que diso non se pode presumir.

-Cando teñen pensado presentar un borrador dos orzamentos para o exercicio 2017. Que este é o último pleno ordinario do ano. Que levan traballando meses, segundo din, pero que non viron absolutamente nada dese traballo.

-En relación coa xestión de persoal, que hai varias cuestións que lles gustaría que lles aclarasen.

Que fixo un decreto sobre a modificación das condicións de traballo do persoal de limpeza que acabou no xulgado, onde se lle deu a razón aos traballadores e a alcaldesa deu marcha atrás. Que asegurou no Pleno que ía retomar esa reorganización cumprindo os requirimentos legais e non se soubo nada máis sobre o tema.

Que afirmou no Pleno do pasado mes, de xeito rotundo, que non tiña constancia de que xente con máis de tres anos traballados non cobrara a antigüidade. Aclara que se refire ao persoal do Concello.

Que lles resulta chocante esa afirmación, por non dicir que minte descaradamente, xa que nunha reunión mantida co comité de empresa uns días antes, recoñecía que non se están pagando os trienios a un grupo numeroso de traballadores.

Que hai uns días convocou unha Comisión de Persoal á que levou unha proposta que finalmente retirou. Que máis que unha proposta era un despropósito.

Que lles parece que ou ben está enganando aos traballadores para non pagarlles a antigüidade ou ben non ten nin idea do que está facendo.

Que ten un informe do interventor accidental do ano pasado do 10/12/2015 e outro do secretario do 08/07/2016 nos que se indica que os traballadores laborais temporais teñen dereito ao complemento de antigüidade e que o órgano competente para recoñecela é a Alcaldía.

Pregunta por que non se lle está pagando a antigüidade aos traballadores temporais (a algúns pois hai outros que si a cobran).

Que chega a pedirles aos representantes dos traballadores, segundo a documentación que lles entregou, que lle digan o horario que fan algúns dos empregados do Concello porque non sabe se fan as horas que lle corresponden e eles contestan que é labor da patronal o control do cumprimento dos horarios.

Que é tal o descontrol que ten que nin sequera sabe o que fan os traballadores municipais, nin as horas que traballan nin a que se dedican, nin nada de nada.

-Que hai case un mes que lle pediron que se cambiaran os contedores de Creio polos prexuízos que ocasionan a un veciño e á beirarrúa que se está esnaquizando polo paso do camión de lixo e queren saber se se fixo algo ao respecto.

Sobre o cemiterio contesta o concelleiro Sr. Quintela que se contratou tan tarde porque se fai segundo a disposición do orzamento por bolsas de vinculación. E as demais obras que se irán facendo dependendo da dispoñibilidade orzamentaria.

A Sra. alcaldesa contesta, en relación a que un membro do grupo de goberno tiña coñecemento da adxudicación do contrato do cemiterio, que non ten nin idea de a quen se refire e que é imposible porque foi o día da Xunta de Goberno cando abriron as ofertas que se presentaran e se decidiu a quen se adxudicaba por ser a oferta economicamente máis vantaxosa para o Concello e que están as tres ofertas aí para as consultar. Que non hai nada estraño.

Sobre a recomendación de intervención para a contratación de subministración de electricidade e prevención de riscos, que o último está iniciado e sobre o primeiro hai un funcionario que está preparando a documentación.

Sobre o reparo de Intervención polas produtividades, que hai un informe xustificando todas elas. Que o reparo de Intervención di que teñen que aprobarse no Pleno pero que entende que están suficientemente xustificadas.

En relación ao pago do GES, que houbo reunións na Deputación para ver a posibilidade de que a parte que lle corresponde ao Concello a asumiran a Xunta e a Deputación.

Que a Deputación mostrouse disposta a asumir esa parte a cambio de que a Xunta tamén asumira uns compromisos. Pero que modificou a súa postura ao negarse a Consellería a asumir eses compromisos.

Que polo tanto os concellos teñen que seguir achegando ao pago do GES a súa parte.

A Sra. Monteagudo pregunta que compromisos eran os que esixía a Deputación da Concellería e a Sra. alcaldesa di que ten notas, que o consulta e llo pasa. E que tamén se pode comprobar na Deputación, xa que se tratou nunha reunión convocada polo propio presidente.

Con respecto á iluminación da zona histórica, que toman nota do rogo.

Sobre os resultados económicos a Sra. alcaldesa dille a voceira popular que fala de máis de novecentos mil euros en negativo e de partidas pendentes de executar .

Que é certo pero que na Comisión Especial de Contas a propia interventora lle explicou que esa cifra era enganosa e que a se debía.

Explica que era debido a que houbo un cambio na maneira de facer constar na conta xeral a amortización das subvencións. Que ata o de agora se facía como se estivese feito o ingreso na propia conta xeral e que a partir do 2015, por primeira vez, vanse imputando as amortizacións

das subvencións en porcentaxe desa amortización: se o Concello recibe unha subvención de 60.000 € e é para unha actuación a seis anos, que esa subvención se inclúe na conta xeral ao longo dos 6 anos.

Que no propio documento hai un número en positivo de máis de oitocentos mil euros que hai que restarlle aos novecientos mil euros.

A voceira do PP di que iso non foi o que explicou a interventora e a alcaldesa di que si o explicou e que lle pedirá que o faga por escrito.

A voceira do PP di que xa debería estar por escrito na memoria.

En relación aos quince mil euros sen executar do cemiterio e tamén a algunha outra cousa, dille que non lle mentiron a ninguén que a voceira do PP sabe ou debería saber que hai bolsas de vinculación, que había gastos nesa bolsa de vinculación que consumiron a partida polo que non estaban os cartos dispoñibles.

A Sra. Monteagudo di que a interventora dixo algo na comisión, que non é o mesmo que di a alcaldesa, pero que non o puxo na memoria explicativa polo que ela queda co que pon a memoria que é un resultado negativo de novecientos e pico mil euros e ademais cun remanente de tesourería tamén negativo de 83.000 €.

A Sra. alcaldesa di que a interventora estivo na Comisión de Contas e que a voceira do PP o tiña tan fácil como solicitarlo por escrito.

Que pensa que o traballo da interventora, a súa opinión e a información que dá lle debería valer.

A voceira do PP volve a intervir e a Sra. alcaldesa pídlle que non volva a interromper.

Dálle a palabra ao concelleiro de Facenda, Sra. Uhía, que explica que hai uns anos se cambiou unha instrución contable (á pregunta da voceira do PP de cantos anos o concelleiro di que 2 e que se empezou a aplicarse no 2015) na que os bens do Concello pasan a amortizarse para igualar a conta de resultados dunha entidade pública, o máis posible, a unha entidade privada.

Continúa poñendo por exemplo que se o Concello de Muros ten vinte e tres millóns de euros en bens e amortiza un millón douscentos mil, aproximadamente por ano, que significa que imputa gastos de un millón douscentos mil. E cando recibes subvencións, o que fas e incorporar esa subvención na porcentaxe que fas de cara a esa inversión. Que se el a oitenta mil euros lle suma un negativo de un millón cen mil que sae o negativo que sexa e logo se lle imputa a parte de subvencións pendente sae o negativo que sae.

A Sra. alcaldesa, con respecto á xestión de persoal, contesta que non preguntou nas reunións co comité cantas horas facían os traballadores. Que lles comentou que ían pasar aos traballadores unha solicitude para que comunicaran por escrito cal era o horario de entrada e saída porque, xa dende sempre, hai traballadores que non teñen un horario estipulado nos edificios nos que limpan e que efectivamente a súa intención é facer esa reestruturación na limpeza dos edificios públicos.

Que ten dúbidas de que algúns dos traballadores fagan as 35 horas semanais. Que non ten constancia nin seguridade pero si ten dúbidas. E que lle parece ben que reclamen os seus dereitos pero que tamén teñen que ter claros os seus deberes.

Sobre o pago de trienios di que para poder pagalos hai que ter claras as categorías profesionais e que nalgúns casos non están claras as ditas categorías.

Di o convenio recolle que as categorías profesionais se asinan en función dos requisitos do acceso ao posto de traballo. Que mentres non estean claras non hai unha contía determinada para pagar os trienios.

A Sra. Monteagudo pregunta que como se lle paga a nómina.

A Sra. alcaldesa contesta que deu orden a Tesourería e Intervención de revisar xa que no cadro de persoal que inclúe as categorías estas están mal e que se está en proceso de modificalas.

Á pregunta da voceira popular de canto tempo, se un ano, a Sra. alcaldesa responde que o tempo necesario e que debe ser un acordo da Mesa Xeral de Negociación.

Rogos e preguntas da Sra. Maneiro do PSdeG-PSOE:

- Por que se anulaban as resolucións 695, 720, 759 e 768.

A Sra. alcaldesa di que agora mesmo non sabe e que o secretario lle está comentando que é unha mera rectificación. Que o miran e logo lle din.

A Sra. Monteagudo di que deben ser as mesmas polas que preguntaron no pleno pasado e que as anularen porque estaban mal.

-Sobre unha moción que presentou o seu grupo, que queren saber por que non se levou ao Pleno.

A Sra. alcaldesa respóndelle que todas as mocións están indo a comisións informativas e cando se presentou a moción xa estaban convocadas. Que tampouco lle parece un tema para tratar no pleno pero independentemente diso non foi entregada en prazo.

- Por que non está na orde do día unha moción do BNG e o punto das categorías.

A Sra. alcaldesa contesta que a moción do BNG se retirou a solicitude do propio BNG e o punto das categorías non foi incluído na orde do día porque a pesar de levar varios meses traballando nelas, pensando que non estaban incluídas no orzamento, resultou que si o estaban polo que a proposta que levaban non valía e hai que modificala.

Rogos e preguntas do Sr. García, do BNG:

- Que comprobando que se están tomando medidas para aboar os trienios aos traballadores laborais, pregunta polo persoal contratado para a brigada de incendios deste verán, que lle indican que non cobrou o *plus* de nocturnidade a pesar de que tiñan dereito. Se sabe a Alcaldía o porqué.

-Se hai avances na dotación da antena repetidora do sinal de TV para Abelleira e Torea.

-Se hai avances nas conversas con *Movistar* para dotar de ADSL por cable as mesmas parroquias.

-Se se vai constituír a mesa sectorial para tratar o plan de dinamización da zona histórica tal e como se acordou no pleno.

-Se hai algunha novidade sobre as obras supostamente ilegais levadas a cabo na illa da Creba.

-Se se vai dotar de luz os parques infantís do Artón e do paseo marítimo de Muros.

-Se se tomou algunha decisión sobre as actuacións que cómpre levar a cabo na área recreativa do Artón.

-Se hai novidades no arranxo do paseo marítimo de Esteiro.

-Se se van arranxar as randeiras en mal estado (que xa se comentara no pleno pasado) dos parques de San Francisco e Portugalete. Que sobre todo no de Portugalete segue ao aire un ferro oxidado e cortante que pode resultar bastante perigoso.

-Rogan que se atendan as peticións continuas sobre amaño e iluminación de distintos camiños en plenos pasados. Que se alumea a subida a Solleiros desde a Insuela.

-Que se queren sumar ao rogo do Partido Popular no tema de mellorar a visibilidade nos cruces da zona histórica, pois son un verdadeiro perigo e cre que urxe que se solucione.

-Rogan que se retiren do paseo marítimo os valados provisionais oxidados que acordaron o campo da festa nas pasadas festas patronais de San Pedro que se celebraron xa hai cinco meses e seguen alí sen motivo aparente.

-Rogan que se lles facilite o borrador, se o hai, a todos os grupos dos orzamentos do 2017 para ir avanzando no seu estudo e facilitar, canto antes, chegar a un acordo para a súa aprobación.

A Sra. alcaldesa contesta:

-Sobre o *plus* de nocturnidade que consultarán con nóminas para ver que pasou porque non sabe.

-Con respecto a antena de TV, que lle solicitaron á Deputación axuda económica e lles concederon unha subvención de vinte e cinco mil euros. E que tamén están xestionando con Patrimonio e coa Secretaría Xeral de Comunicación e con veciños/as de Abelleira e Tal a localización para colocar a *torreta*.

Explica que o motivo da xestión con Patrimonio é que en Santa Catalina, onde está situada na actualidade hai un castro e hai que evitar problemas e que de feito xa teñen determinada cal é

a zona na que Patrimonio non autorizaría e na que si o faría que están xestionando co Secretaría Xeral de Comunicación varias localización para que veña mirar cal sería a adecuada. Que neste asunto se está traballando activamente.

-Sobre o ADSL que non hai novidades e sobre as obras da Creba tampouco.

-Sobre a mesa sectorial de comercio que está o ADL traballando na súa convocatoria e que ten que saír en poucos días. Que tamén a asociación nova da zona histórica solicitou a súa convocatoria.

-Que toman nota dos arranxos que solicitan e que algúns xa están comunicados á brigada de obras, como son a retirada dos valados ou o parque de Portugalete, e que lles preguntará por que non están feitos e que insistirán para que vaian canto antes.

Que hai cuestións que van tardar un pouco máis de tempo, como a iluminación do camiño novo en Solleiros, pois significa un gasto máis grande xa que hai que instalar tendido e puntos de iluminación novos.

-Sobre o paseo de Esteiro, que non hai novidades. Que falou co xefe de Costas e que lle comunica que todo vai segundo o previsto pero houbo un pequeno atraso debido á formación do Goberno do Estado. Que unha vez que está formado que conta que volva activarse rapidamente.

-Sobre o Artón que estiveron limpando e que teñen pendente delimitar, antes de que chegue o bo tempo, zonas de aparcadoiro e tamén facer actuacións de axardinamento no parque infantil, pero que para iso tamén necesitan dotación económica.

Á pregunta do Sr. García sobre a luz, a Sra. alcaldesa di que se son puntos novos que están pendentes de dotación orzamentaria.

Aclara que hai varios sitios nos que hai que instalar puntos novos e que está o orzamento feito e solicitados orzamentos a empresas para o material que se precisa, pero que necesitan ter os cartos e a partida, a estas alturas do ano, está bastante deteriorada.

O Sr. Hermida Simil intervéñ dicindo que hai unha pregunta que fixo a voceira popular sen contestar sobre os contedores de Creo e a Sra. alcaldesa pide perdón e contesta que recibiron un escrito hai máis ou menos un mes, que o miraron en varias ocasións e que teñen que buscar outro sitio onde non molesten.

O Sr. Hermida Simil di que estaban diante da sociedade e alguén os cambiou para que lle quedaran máis preto e lle fora cómodo levar o lixo.

A Sra. alcaldesa di que non falou con Fomento, xa que os cambios hai que acordalos con eles, pero que estivo mirando algunha posible ubicación e cre que estarían un pouco mellor na estrada que baixa ao colexio.

Antes de rematar o Pleno a Sra. alcaldesa recorda que ao día seguinte, "Día da violencia de xénero", hai unha camiñata de Esteiro a Muros e que logo no Curro da Praza lerase un manifesto contra a violencia de xénero e violencia machista e que quere convidar a todas as persoas que o desexen a participar no acto. Que é un acto que segue sendo tan necesario, por desgracia, a pesar de levar dezasete anos celebrando este día.

Dá as grazas aos concelleiros por asistir, pola paciencia e polas formas.

Non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 21.40 h, do que dou fe.